



## DECRETO

O avance dos contaxios por COVID-19 e o incremento progresivo das medidas de prevención e contención adoptadas polas autoridades sanitarias, entre as que se atopa a promoción do traballo non presencial, fai recomendable deseñar os mecanismos que permitan manter o funcionamento da Deputación Provincial, á vez que se adoptan as medidas adecuadas para a protección dos seus traballadores e a minimización do risco de contaxios, tanto no ámbito laboral coma na sociedade en xeral.

As autoridades sanitarias instaron á adopción inmediata de medidas de distanciamento no ámbito educativo e laboral e a redución máxima da mobilidade.

O Comité de Saúde desta Deputación con data 12 de marzo de 2020 constituíu un Comité de Seguimento da evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias. Con data 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 coma pandemia.

Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados provinciais, partindo das recomendacións efectuadas pola autoridades administrativas sanitarias, que foron concretadas en distintas resolucións desta Presidencia de datas 13 e 15 de marzo de 2020, así como acordos da Comisión de Seguimento do COVID-19, relativos a posibilitar sistemas de traballo non presenciais naqueles postos xustificadas polas características e natureza dos postos, así como en base ás situacións de conciliación persoal ou familiar que o aconsellen; o acollemento ao réxime de flexibilidade horaria, e de ser o caso, as reorganizacións do traballo que resulten precisas.


O Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e ante a declaración do estado de alarma polo goberno da nación. Por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Neste marco, e tendo en conta a progresión dos contaxios, nun escenario no que as autoridades sanitarias apelan á responsabilidade social de tódolos cidadáns para contribuir á ralentización da propagación da enfermidade, faise preciso adoptar medidas adicionais para contribuir á contención, garantindo sempre o mantemento da prestación dos servizos esenciais da Deputación Provincial de Lugo.

Por iso, e considerando as actuais recomendacións das autoridades sanitarias e o contido no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; e no exercicio das atribucións legais que me confire o art. 34 da Le7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, esta Presidencia RESOLVE:

**1º.-** Ordenar que todo o persoal provincial cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial.

Código Seguro de Verificación	IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y	Fecha	16/03/2020 09:10:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y</a>	Página	1/2



**2º.-** Ordenar que todo o persoal provincial que realice funcións que non podan ser desempeñadas mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, agás que desempeñen funcións de carácter crítico para o funcionamento da Administración provincial.

En todo caso, considérase persoal con funcións de carácter crítico ao persoal directivo, xefaturas de área e xefaturas de servizo, así como o vinculado a funcións tales como a seguridade, o mantemento dos edificios e as comunicacións ou outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e aqueloutro que determinen os órganos directivos, xefaturas de Área e de servizo por considerarse necesarios para garantir a continuidade das funcións básicas desenvolvidas pola Deputación Provincial de Lugo.

O persoal con funcións de carácter crítico deberá acudir ás dependencias provinciais cando o desempeño das súas funcións así o esixa e en tal sentido se determine.

**3º.-** Ordenar que, nos casos excepcionais nos que unha función crítica deba desempeñarse de forma presencial, estableceranse os turnos imprescindibles para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxios laborais. A distribución destes turnos será fixada polo titular de cada órgano directivo, xefatura de área e de servizo, e comunicada mediante correo electrónico á Área de Recursos Humanos e Formación.

**4º.-** Dispoñer que tódolos empregados públicos provinciais deberán permanecer localizables e deberán reincorporarse aos seus postos de traballo presenciais se así se lles require por necesidades excepcionais do servizo.

**5º.-** Establecer que as medidas de carácter extraordinario ordenadas terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motiva a súa adopción, e poderán ser revogadas por necesidades excepcionais do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.



Código Seguro de Verificación	IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y	Fecha	16/03/2020 09:10:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmante	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6647B6Z76SWRNYBQH4YIH7Y</a>	Página	2/2

